

Universidade de Vigo

Vicerreitoría
do Campus
de Ourense

Edificio de Facultades Tel. 988 387 300 vicou@uvigo.es
Campus universitario Fax 988 387 311 vicou.uvigo.es
32004 Ourense
España

Concurso fotográfico

Campus da Auga-Scholaris 2016



UN WATER

WORLD WATER DAY

22 MARCH 2016 - WATER AND JOBS

Vicerreitoría
do Campus de Ourense
Universidade de Vigo



Día Mundial da Auga

Premio foto-relato Auga e Dereitos Humanos Concurso fotográfico Campus da Auga- Scholaris

Convocatoria de concurso foto-relato

A vicerreitoría do Campus de Ourense, no marco do Campus da Auga e co gaio da celebración do Día Mundial da Auga, convoca un Concurso foto-relato (Edición Scholaris) "Auga e Dereitos Humanos" co obxectivo de promover o coñecemento e visualizar o patrimonio que a nosa provincia ten no eido cultural (histórico, artístico, etnográfico...) relacionado coa auga.

Bases do concurso

I. Participantes

- Estudantes da ESO e bacharelato da provincia de Ourense e Pontevedra, matriculados no curso 2015-2016.
- A participación no concurso implica a aceptación de todas as bases.

II. As obras

- A obra (fotografía e relato) deberá estar baseada no recoñecemento do acceso á auga potable e o saneamento como dereito esencial para satisfacer necesidades básicas do ser humano.
- A obra comporase dun texto (descrición, conto, relato...) acompañado dunha fotografía. As fotografías e o texto deberán ser creación do autor que a inscriba no concurso.
- Non se valoraran aquelas fotografías que non veñan acompañadas do correspondente texto alusivo.
- O texto relacionado ca fotografía terá unha extensión máxima de 100 palabras, e aludirá a necesidade de recoñecer o dereito a un abastecemento de auga suficiente, saudable, accesible e asequible.
- Aspecto cultural (histórico, artístico, etnográfico...) relacionado coa fotografía, así como ao emprazamento da mesma.
- As fotografías tomadas cunha cámara dixital, en formato JPG, terá unha resolución mínima de 1800x2048 (3,1 megapíxeles).
- Valorarase a relación entre a imaxe e a narración, e que esta forme unha obra de xeito conxunto.
- Só se admitirá una obra por participante.

III. Licencias das obras

- Os participantes no concurso responderán persoalmente da lexítima titularidade e orixinalidade da obra, garantindo pola sola participación neste concurso, dita titularidade así como o carácter orixinal e inédito da obra.
- As obras participantes no concurso (relato e fotografías) poderán ser exhibidas pola Vicerreitoría do Campus de Ourense nas exposicións que se organicen nos seguintes anos á resolución do concurso.
- As fotografías premiadas no concurso pasarán a ser propiedade da Universidade de Vigo, reservándose esta o dereito a editalas en calquera das súas publicacións, así como a expoñelas nalgunha mostra en calquera dos tres campus, facendo sempre mención ao nome dos/as autores/as.

IV. Envío das obras

- As obras poderán enviarse por correo postal ordinario á secretaría da Vicerreitoría do Campus de Ourense ou enviarse por correo electrónico ao enderezo campusdaauga@uvigo.es
- Para o envío de obras por correo ordinario presentaranse dous sobres pechados nos que irá escrito o mesmo lema: un cos datos identificativos e asinado (modelo anexo á convocatoria) e outro coa obra (fotografías e relato, versión impresa e en CD) que en ningún caso levará identificación persoal.
- Para o envío de obras por correo electrónico, achegaranse tres arquivos:
 - _ Un que se denominará lema_datospersonais.doc (exemplo: [carrexandoauga_datospersoais.doc](#)) no que figurarán os datos

identificativos (modelo anexo á convocatoria).

_ Un segundo coa foto, en formato JPG, que se denominará lema_foto.jpg (exemplo: [carrexandoauga_foto.jpg](#)). Este documento, non levará nome do/a autor/a.

_ E un terceiro que conterá o texto alusivo, en formato.doc e que se denominará lema_texto (exemplo: [carrexandoauga_texto.doc](#)), este arquivo tampouco levará identificación persoal.

- As fotografías e relato deberán ir marcadas co lema da obra.
- As obras serán devoltas, previa solicitude, ata o 31 de xullo de 2016.

V. Prazo

- A data límite para a recepción de foto-relatos será o día 13 de marzo de 2016.

VI. Xurado

- O xurado estará formado polo vicerreitor do Campus de Ourense ou persoa en quen delegue, a decana da Facultade de Dereito ou persoa en quen delegue, o xestor de actividades culturais do Campus de Ourense e por profesionais do mundo da fotografía e da arte.
- A xuízo do xurado, poderase declarar deserto un o varios premios.
- O fallo será inapelable e publicarase o 29 de marzo de 2016.

VII. Premio

- Establécense tres premios, o primeiro consistirá nunha tablet (10,1"), o segundo será unha tablet (7") e o terceiro consistirá nun lote de libros sobre cultura e patrimonio de Ourense. Tódolos participantes no concurso recibirán un agasallo sorpresa.

VIII. Exposición y divulgación

- Coa selección das obras presentadas realizarase unha ou varias exposicións durante o ano 2015. Esta exposición poderá cancelarse dependendo do número e calidade das obras presentadas.
- As obras presentadas poderanse divulgar a través da web ou da páxina de Facebook da Facultade de Dereito.

IX. Organización

- O incumprimento das obrigas que impoñen as presentes bases poderá ser motivo de revogación dos beneficios desta convocatoria.

Ficha de datos persoais do/a autor/a da obra

Descargar da web da Vicerreitoría do Campus de Ourense:
<http://vicou.uvigo.es/>

Nota: As obras deberán ser enviadas por correo ordinario ou electrónico á secretaría da Vicerreitoría do Campus de Ourense, seguindo as indicacións marcadas nas bases do concurso foto-relato "Auga e Dereitos Humanos".

Presentaranse dous sobres pechados nos que irá escrito o mesmo lema: un cos datos identificativos e asinado (modelo anexo á convocatoria) e outro coa obra (fotografías e relato, versión impresa e CD) que en ningún caso levará identificación persoal. As fotografías e relato deberán ir marcadas co mesmo lema da obra.

As obras serán devoltas, previa solicitude, ata o 31 de xullo de 2016, a través de correo ordinario e unha vez finalizada a exposición ou exposicións que se celebrarán coas obras seleccionadas.

Data límite 13 de marzo de 2016.

+ Info

Mais información en:
Vicerreitoría do Campus de Ourense
Campus de Ourense – Campus da Auga
Edificio de Facultades
Campus universitario As Lagoas s/n
32004-Ourense
vicou@uvigo.es
vicou.uvigo.es